



TURISMO
DE
GALICIA

galicia

CONXUNTURA TURÍSTICA EN GALICIA

Ocupación en aloxamentos turísticos INE

Novembro 2025



Este breve informe recolle unha síntese provisional da conxuntura turística de Galicia correspondente ao **mes de novembro de 2025**, medida a partir dos datos de ocupación nos establecementos de aloxamento turístico da comunidade –hoteis, pensións, apartamentos turísticos, cámpings, turismo rural e albergues- fornecidos polo INE. Realízase, neste sentido, unha análise global para o conxunto do sector previa a un estudo máis pormenorizado en cada unha das tipoloxías de aloxamento mencionadas.

A análise realízase cunha perspectiva temporal para observar dinámicas de comportamento en relación ao pasado ano 2024 e anteriores.

O INE estima que neste mes de novembro abriron de media en Galicia uns 3.900 establecementos de aloxamento turístico que ofertaron preto de 80 mil prazas –cifra que descende un 3,6% en relación ao dato do pasado ano-.

Apréciase neste sentido un comportamento variable a nivel das tipoloxías. En particular a oferta descende en catro delas –entre un 2% nos apartamentos turísticos e un 16% nos albergues- e increméntase en tan só dúas –nun 2% nas pensións e nun 12% nos cámpings-.

NOVEMBRO 2025


Tab 1. Viaxeiros, noites, estadía media e grao de ocupación nos establecementos turísticos (INE)

TIPO DE ALOXAMENTO	VIAXEIROS		NOITES		ESTADÍA MEDIA		OCUPACIÓN	
	Nº	Var. 25/24	Nº	Var. 25/24	Nº	Var. 25/24	%	Var. 25/24
HOTEIS	247.501	-2,4%	467.881	-1,2%	1,89	1,3%	39,75%	1,51
PENSIÓNS	39.333	-15,7%	71.466	-17,6%	1,82	-2,2%	16,76%	-3,81
ESTAB. HOTELEIROS	286.834	-4,5%	539.347	-3,7%	1,88	-0,3%	33,62%	-0,13
APTOS. TURÍSTICOS	17.571	6,1%	49.007	20,2%	2,79	13,3%	20,96%	3,87
CÁMPINGS	5.840	44,8%	8.450	23,9%	1,45	-14,5%	10,35%	1,43
TURISMO RURAL	7.004	-11,4%	10.959	-14,5%	1,56	-3,5%	9,51%	-0,52
ALBERGUES	25.502	-16,9%	29.298	-16,3%	1,15	0,8%	15,96%	2,40
ESTAB. EXTRAHOTEL.	55.917	-5,6%	97.713	2,4%	1,75	8,4%	-	-
TOTAL	342.751	-4,6%	637.060	-2,8%	1,86	1,9%	-	-

- O segmento do aloxamento turístico de Galicia –hoteis, pensións, apartamentos turísticos, cámpings, aloxamentos de turismo rural e albergues- presenta agora en novembro un comportamento negativo. En particular, o volume de noites descende un 2,8% en relación ao pasado ano nun contexto de descenso paralelo da cifra de viaxeiros aloxados –do 4,6%- e leve crecemento da estadía media.
- Neste contexto Galicia rexistra 637 mil pernoctacións no conxunto do aloxamento colectivo no mes de novembro, cifra inferior á do pasado ano –o máximo da serie histórica acádase en 2024 con algo máis de 655 mil noites- mais superior a toda a serie anterior. Neste punto cabe ter en conta, en todo caso, que as comparacións

anteriores a 2021 non son de todo exactas pois estes datos inclúen tamén, desde ese ano, as cifras dos albergues -que supoñen un incremento adicional próximo ás 30 mil noites-. En ausencia de albergues a evolución sería similar xa que neste caso a nosa comunidade rexistraría tamén o segundo nivel máis elevado da serie con algo máis de 600 mil pernoctacións.

Fig. 1. Volume de noites nos establecementos turísticos (INE). Novembro 2016-25




- Así, tal como se observa no gráfico anterior, apréciase nos datos de 2020 o impacto da crise provocada pola Covid19 na actividade turística de Galicia -o primeiro estado de alarma declarouse en marzo dese ano-. Rexistrárase unha perda importante, de máis do 70% no número de viaxeiros e noites -polo confinamento domiciliario e as restricións nas viaxes e desprazamentos polo territorio nacional-, circunstancia que se recupera en boa medida en 2021 e totalmente en 2022 e anos posteriores -superando o nivel de demanda previo á crise-. A tendencia marca axuste da demanda en 2023 e descenso agora en 2025, circunstancia que permite manterse en todo caso por encima da barreira das 600 mil noites.
- Neste mes Galicia colócase como o oitavo destino máis importante do Estado -mantén o posto de outubro mais perde unha posición en relación aos meses anteriores-. Canarias é neste mes o destino de maior volume e peso en termos de demanda turística con 8,4 millóns de pernoctacións -o 31% do total-. Lidera por segunda vez consecutiva o ranking estatal, igual que en outubro e no primeiro cuadrimestre, substituíndo a Baleares que encabezou a lista de destinos españois en setembro así como en maio e xuño, e a Cataluña que o fixo no verán.
- Logo de Canarias sitúanse a continuación Andalucía -con 4,3 millóns de noites-, a C. Valenciana -con algo máis de 3,3 millóns de pernoctacións-, Cataluña -tamén con pouco máis de 3,3 millóns de noites- e Madrid -con 2,8 millóns neste caso-. Estas cinco comunidades agrupan neste mes ao 81% do total da demanda turística

colectiva do conxunto de España. Nun segundo grupo sitúanse Castela e León -con preto de 890 mil noites- e o País Vasco -con 665 mil pernoctacións- por diante de Galicia e dos restantes destinos do Estado.

- Obsérvase neste mes un comportamento variable da demanda a nivel das comunidades autónomas. A maioría delas -nove en particular- superan os niveis de demanda do pasado ano, con maior intensidade algúns destinos do litoral mediterráneo -Murcia cun incremento do 12% e a C. Valenciana do 10%- , por diante de Navarra e A Ríoxa -ambas con subas do contorno do 9% interanual-. No lado contrario os crecementos máis moderados localízanse en Cataluña cunha suba do contorno do 1% en relación ao pasado ano.
- Dous destinos mantéñense en niveis parellos aos de novembro de 2024 -Castela A Mancha e Canarias- mentres que os seis restantes amosan caídas en termos interanuais, de menor intensidade en Aragón -do 2,0%- e de forma máis notable en Asturias -do 7,2% neste caso-.
- Galicia sitúase, por tanto, no grupo de comunidades de comportamento negativo cunha variación parella á de Castela e León e o País Vasco.
- No conxunto de España o nivel de demanda increméntase levemente, un 2,1% en particular. En consecuencia, o comportamento de Galicia empeora en cinco puntos a media do conxunto do Estado. Similar comportamento observouse nos pasados meses de setembro e outubro.
- A perspectiva en termos de peso amosa variacións de diversa índole pero de baixa intensidade. Todas as comunidades autónomas presentan variacións inferiores ao medio punto porcentual respecto do peso que tiñan en novembro do pasado ano, concluíndo con isto que o reparto territorial da demanda mantense relativamente estable. Por destacar os extremos observamos dunha banda a C. Valenciana -que presenta o maior incremento de cuota de mercado mellorando en nove décimas porcentuais a cifra do pasado ano- e, doutra banda, Canarias -que perde arredor de 0,6 puntos de representatividade neste caso-.


Fig. 2. Peso das diferentes modalidades de aloxamento turístico. Novembro 2025





- O comportamento da demanda permite neste caso a todos os destinos situarse por encima das cifras previas á pandemia -con maior distancia o País Vasco pois supera nun 30% os valores de hai seis anos-. Cataluña e Aragón rexistran valores máis parellos, con menos diferenza do que presentaba en novembro de 2019.
- Neste mes de novembro o 85% da demanda nos aloxamentos turísticos corresponde aos establecementos hoteleiros, porcentaxe que inclúe tanto aos hoteis -que representan o 73%- coma ás pensións -co 11% neste caso-. O 15% restante, en cambio, sitúase no segmento extrahoteleiro, porcentaxe que neste caso reúne aos apartamentos turísticos -absorben o 7,7% da demanda total-, aos cámpings -modalidade que pasa de liderar o mercado non hoteleiro no verán a situarse en último lugar, absorbendo agora o 1,3%-, aos establecementos de turismo rural -co 1,7%- e aos albergues -segmento que representa case o 5% do total-.
- Esta estrutura cambia en comparación coa observada no verán e encaixa cun período de temporada baixa, cun peso importante e crecente do segmento hoteleiro -tres de cada catro noites corresponden só aos hoteis- e protagonismo para os apartamentos turísticos no ámbito non hoteleiro.

Fig. 3. Variación interanual das noites en estab. turísticos. Novembro 2025/24, por tipoloxías



- Obsérvase neste mes un comportamento variable da demanda a nivel das diferentes tipoloxías de aloxamento sendo maioría as que amosan unha dinámica negativa. Así en novembro descende o número de noites no ámbito hoteleiro -un 1% nos hoteis e un 18% nas pensións- así como no segmento de turismo rural -un 15%- e nos albergues -un 16% neste caso-. Estas tres últimas tipoloxías presentan unha dinámica de similar intensidade.
- No lado contrario o número de noites incrementábase nos apartamentos turísticos -un 20%- e nos cámpings -nun 24% neste caso-.




- Neste contexto cabe sinalar o comportamento observado nos cámpings pois rexistra unha vez máis a taxa de crecemento máis notoria agora en novembro, igual que en oito meses anteriores deste 2025 -soamente rexistra caída puntual en marzo e setembro-.
- Esta dinámica mantén os niveis de demanda de tres tipoloxías por encima dos valores anteriores á pandemia -con maior distancia os cámpings e en valores máis próximos os hoteis-. Marcan a excepción as pensións e os aloxamentos de turismo rural -sitúanse por debaixo dos valores anteriores á crise, con porcentaxes de recuperación levemente superiores ao 80% en ambos casos-.
- O comportamento da demanda -número de noites- vén como consecuencia de variacións parellas da cifra de viaxeiros aloxados tanto no ámbito hoteleiro coma no extrahoteleiro, con axustes de intensidade marcados por variacións dispares da estadía media.
- O comportamento da demanda nos hoteis vén como consecuencia de contrapoñer variacións dispares en dirección e intensidade nas diferentes categorías. Así neste mes obsérvase un incremento do número de noites nos hoteis de dúas estrelas -do 4% en relación ao pasado ano-, único segmento con dinámica positiva. A demanda mantense relativamente estable nos hoteis de catro e cinco estrelas, e descende nas restantes categorías, arredor dun 6% nos hoteis de tres estrelas e un 12% naqueles dunha estrela.
- No ámbito das pensións o comportamento ten un carácter homoxéneo apreciándose neste caso descenso tanto naquelas de tres e dúas estrelas -do 7%- como nas de unha estrela -de máis do 30% neste caso-.
- A variación dos niveis de demanda no ámbito turístico tradúcese neste mes, en termos absolutos, nunha diferenza negativa de 18 mil pernoctacións respecto dos valores do pasado ano, dato que vén de contrapoñer variacións dispares no ámbito hoteleiro e non hoteleiro.
- O comportamento da demanda varía nas diferentes tipoloxías de aloxamento e nas diferentes comunidades autónomas. Neste mes un só destino -a C. Valenciana neste caso- consegue homoxeneidade completa nas variacións da demanda no sentido de que presentan crecemento do número de noites en todas as modalidades de aloxamento. En consecuencia, practicamente todas as comunidades rexistran dinámicas positivas e negativas en función da tipoloxía.
- Con carácter xeral apréciase mellor comportamento no ámbito dos apartamentos turísticos -neste segmento doce comunidades autónomas amosan resultados positivos- fronte ás restantes tipoloxías. Aragón, Castela e León e a C. Valenciana son os destinos de maior crecemento da demanda neste segmento. No lado contrario cinco comunidades presentan caída do número de noites, con maior intensidade Cantabria -rexistra un descenso do 33%-.
- No ámbito hoteleiro obsérvase tamén un comportamento positivo importante, con nove destinos superando as cifras do pasado ano -lidera en intensidade Murcia, por diante de A Rioxa e Navarra-. Unha comunidade mantense en cifras parellas e seis



amosan, en cambio, caídas do número de noites -con maior intensidade en Estremadura-.

- Nas restantes modalidades a situación é variable. Así seis destinos sitúanse por encima dos niveis de demanda de 2024 no ámbito dos cámpings, con Cantabria á cabeza en intensidade. Cinco destinos amosan crecemento da demanda no ámbito do turismo rural, sendo neste caso a C. Valenciana a comunidade que presenta a taxa de maior intensidade.
- Presenta tamén un comportamento dispar e variable a nivel territorial o segmento dos albergues pois neste caso só seis comunidades presentan resultados positivos - con maior intensidade en Navarra e a C. Valenciana-. Dez destinos, en cambio, amosan caídas de diversa intensidade. Por ausencia de datos non se poden estimar variacións interanuais para unha comunidade autónoma.
- Galicia colócase neste caso en posicións variables, con mellor comportamento relativo no segmento dos cámpings -rexistra a terceira taxa máis elevada- e dos apartamentos turísticos -coa cuarta taxa máis alta- e peor comportamento no ámbito hoteleiro -rexistra a terceira caída de maior notoriedade-.
- En termos de volume Galicia ocupa posicións variables nas diferentes modalidades de aloxamento. Ocupa mellor posto no ranking estatal dos albergues -é a quinta comunidade con maior volume de noites nesta tipoloxía- mais descende á sétima posición no ámbito hoteleiro, á oitava nos apartamentos turísticos, e sitúase en lugares inferiores -posto número 15- no segmento de turismo rural.

Fig. 4. Peso dos mercados nacional e estranxeiro no conxunto do aloxamento colectivo. Novembro 2025




- Neste mes, o 77% da demanda corresponde ao turismo de ámbito nacional, que engloba ao interno -dos residentes en Galicia, segmento que supón o 32% do total- e ao que procede das restantes comunidades autónomas -mercado receptor nacional, segmento maioritario que representa o 45%-. O mercado internacional absorbe a porcentaxe restante, o 23% do total da demanda neste caso - porcentaxe



importante e inferior neste caso á do interno-. Esta estrutura cambia en relación á observada nos últimos dous meses, gañando peso o turismo interno e perdendo, nunha proporción parella, o internacional.

- Estas porcentaxes están referidas ás pernoctacións e cambian levemente en relación ao observado desde o lado dos viaxeiros aloxados. Neste caso o peso do mercado nacional sitúase no 73% -cun 33% para o interno e 40% para o que procede do resto do Estado-, ficando o 27% restante para o estranxeiro.
- A nivel de mercados obsérvase un comportamento relativamente parello neste mes. Así en novembro descende o turismo interno -o dos residentes en Galicia-, nunha porcentaxe non moi relevante -un 1,2% o número de noites- manténdose por segundo ano consecutivo desde 2019 por encima das 200 mil pernoctacións.
- Descende tamén o turismo receptor nacional -un 2,2% o número de noites-, manténdose preto das 290 mil pernoctacións neste undécimo mes do ano -a segunda cifra máis elevada da serie histórica-.
- A dinámica do turismo internacional é tamén similar mais neste caso o descende acada maior intensidade -o número de noites cae neste caso un 6%- . Tal circunstancia contraponse aos incrementos rexistrados nos últimos catro anos e deixa o nivel final de demanda levemente por encima das 145 mil pernoctacións - tamén neste caso supón a segunda cifra máis elevada da serie histórica-.
- Todas as porcentaxes están referidas ás pernoctacións e proveñen de variacións parellas da cifra de viaxeiros aloxados con pequenos axustes da estadía media que no caso do receptor nacional, por exemplo, suavizan a caída en termos interanuais.
- A diferenza de intensidade na variación da demanda leva a cambios -neste caso pouco significativos- na estrutura da mesma. Neste sentido, mantense estable o peso do turismo receptor nacional -situándose por segundo ano consecutivo no contorno do 45%- , descende o do internacional -en case un punto- e mellora unicamente a cuota de mercado do interno -en medio punto porcentual, rexistrando con isto unha porcentaxe equivalente á de 2023 co 32% do total da demanda-.
- O turismo de ámbito nacional é maioritario en case todas as tipoloxías consideradas, en porcentaxes que van do contorno do 70% nos apartamentos turísticos ao 74% nas pensións, e a máis do 80% nos hotéis, cámpings e aloxamentos de turismo rural. Marcan a excepción os albergues que novamente neste ano presentan maior volume e peso do mercado internacional fronte ao nacional -representa o 65% do total da demanda-.
- Acontece isto novamente en 2025, igual que no primeiro semestre e en setembro e outubro, e en contraposición ao que se observaba no verán e puntualmente en abril. Son, por tanto, oito meses nos que se aprecia maior presenza do turismo internacional fronte ao nacional no segmento dos albergues, modalidade que habitualmente presenta un perfil da demanda diferentes ás restantes tipoloxías - esta característica tamén se aprecia puntualmente noutras modalidades, por exemplo, en maio nos cámpings e nas pensións-. No verán esta modalidade comparte perfil coas restantes tipoloxías.

Fig. 5. Distribución da demanda por procedencia e tipo do aloxamento. Novembro 2025




- O maior peso do turismo de ámbito nacional na maior parte das tipoloxías esconde diferenzas a nivel interno. En dúas modalidades concretas esta característica concéntrase no mercado receptor, isto é, nos españois que proceden doutras comunidades autónomas -supoñen o 48% do total no segmento hoteleiro e o 37% nos apartamentos turísticos-. Nos cámpings e aloxamentos de turismo rural o maior peso do mercado nacional decae neste caso no interno pois supón o 70% das noites na primeira modalidade e o 58% nesta última. En todas estas tipoloxías mencionadas o segmento de menor peso é sempre o internacional -en turismo rural apenas supera o 10% das noites-.
- Tal como se comentou anteriormente, nos albergues acontece o contrario: o segmento de maior peso é o internacional. O interno supón apenas o 15% do total das noites.
- Así, en catro modalidades -hoteles, apartamentos turísticos, cámpings e turismo rural- o segmento de menor volume e peso é o internacional.
- A nivel de tipoloxía e mercados apréciase este mes un comportamento variable. Os tres segmentos de mercado combinan dinámicas positivas e negativas en función da tipoloxía de aloxamento.
- O turismo interno e receptor nacional son os que presentan mellor comportamento por canto se incrementan en dúas modalidades de aloxamento. O primeiro en máis dun 10% nos apartamentos turísticos e en máis dun 95% nos cámpings-. Descende, en cambio, no segmento hoteleiro, no ámbito de turismo rural e nos albergues.
- O mercado receptor nacional presenta un importante crecemento nos apartamentos turísticos -do 19%- e tamén, aínda que máis suave, no segmento de

turismo rural -do 7% neste caso-. Descende, en cambio, nas restantes modalidades -con maior intensidade nos albergues-.

- O internacional presenta peor dinámica, con descenso en todas as modalidades de aloxamento agás nos apartamentos turísticos -onde presenta unha suba do 35%- . As caídas son de diversa intensidade, menos notables no ámbito hoteleiro e nos albergues -do 8% en ambos- e máis acusadas nos cámpings e en turismo rural -de máis do 40% en ambas-.


Fig. 6. Var. Noites por procedencia e tipo do aloxamento. Novembro 2025/24



- Desta maneira os apartamentos turísticos son a única modalidade de aloxamento que presentan un comportamento homoxéneo e positivo dos tres grandes segmentos de mercado, con incrementos de diversa intensidade. Caen os tres no ámbito hoteleiro e nos albergues. As dúas restantes tipoloxías amosan unha dinámica máis variable.
- Con esta dinámica a estrutura dos mercados cambia en cada tipoloxía de aloxamento. Así o turismo interno gaña peso unicamente nos cámpings -de forma moi intensa, en máis de 25 puntos porcentuais-, mantense estable no ámbito hoteleiro e albergues e perde cuota no segmento de turismo rural -en algo máis dun punto- e apartamentos turísticos -en tres puntos neste caso-. O receptor nacional gaña peso claramente no segmento de turismo rural -en máis de seis puntos-, mantense estable no segmento hoteleiro e nos apartamentos turísticos e descende nos cámpings e albergues. O internacional, en cambio, gaña peso nos apartamentos turísticos e albergues -en máis de tres puntos-, mantense estable no segmento hoteleiro e perde cuota nos cámpings -de forma notable- e no ámbito de turismo rural.

- A estadía media global sitúase en 1,9 noites, cifra que en termos globais increméntase un 2% en relación ao pasado. Descende en cambio un 7% en comparación co nivel previo á pandemia -circunstancia que en parte débese á presenza dos albergues no cómputo global, tipoloxía que presenta a cifra máis baixa de toda a oferta de aloxamento, tirando cara abaixo o dato global-.
- Increméntase a estadía media por vez primeira nos últimos tres anos se ben as variacións non son moi significativas e deixan a cifra final en valores parellos desde 2022 -do contorno de 1,9 noites nos últimos catro anos-.

Fig. 7. Estadía media nos establecementos turísticos. Novembro 2025




- Os apartamentos turísticos rexistran neste mes a cifra máis alta do conxunto da oferta -con 2,8 noites de media-, marcando diferenza coas restantes modalidades que fican por debaixo das dúas noites -con 1,9 noites os hoteis, 1,8 noites as pensións, 1,6 noites os aloxamentos de turismo rural, 1,5 noites os cámpings e preto de 1,2 noites os albergues-.
- En termos dinámicos a estadía media varía de forma dispar. Increméntase en dúas modalidades -un 1% nos hoteis e un 13% nos apartamentos turísticos-, mantense estable nos albergues, e descende nas pensións -un 2%-, nos aloxamentos de turismo rural -un 4%- e nos cámpings -un 15% neste caso-.
- Neste mes, igual que nos oito anteriores, Galicia sitúase nunha posición baixa no que atinxe ao valor da estadía media -rexistra agora en novembro, por terceiro mes consecutivo, a cifra máis baixa de todas as comunidades autónomas, esta vez xunto con Castela e León-. Canarias, con 6,7 noites, marca o valor máis elevado -tal como acontece en practicamente todos os meses-. Seguen en orde de importancia a C. Valenciana -con 3,7 noites de media- e Baleares -con 3,2 noites neste caso-.
- En termos dinámicos a estadía media increméntase en tan só tres comunidades autónomas -lidera este ranking Cantabria cunha suba do contorno do 3%-,



mantense estable en seis e descende nos restantes oito destinos -rexistrando a C. Valenciana a caída máis notable, do 11% neste caso-.

- En termos de ocupación obsérvase un comportamento algo diferente ao rexistrado do lado da demanda. Neste sentido catro tipoloxías melloran o dato do pasado ano, dúas delas como consecuencia dun crecemento do número de noites -mellora así a ocupación en case catro puntos nos apartamentos turísticos e en algo máis dun punto nos cámpings- e outras dúas por un peor comportamento da oferta en relación á demanda -desta maneira sobe a ocupación en algo máis dun punto nos hoteis e en máis de dous puntos nos albergues-.
- No lado contrario o nivel de ocupación mantense estable no segmento de turismo rural e descende unicamente nas pensións -en case catro puntos neste caso-.

Fig. 8. Ocupación por prazas e variación interanual en estab. turísticos. Novembro 2025



- Os hoteis continúan rexistrando a porcentaxe de ocupación máis alta do conxunto da oferta de aloxamento, cun 39,8% de media neste mes -porcentaxe inferior á dos últimos meses-.
- As restantes tipoloxías presentan unha porcentaxe variable que oscila entre o 21,0% nos apartamentos turísticos e o 9,5% nos aloxamentos de turismo rural -tipoloxía que rexistra neste mes a cifra máis baixa de toda a oferta de aloxamento-.